

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (relacionado co expediente 2025/A008/000023)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/S DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN ENXEÑEIRO/A DE MONTES

Logo de ver a proposta do concelleiro de Ordenación do Territorio, Obras e Servizos, Cultura e Patrimonio do 10/07/2025, relativa á contratación laboral temporal de 1 enxeñeiro/a de montes, ao abeiro das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL 2025).

Logo de ver a Resolución da dirección territorial do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 15/05/2025, notificada ao Concello de Dodro o 19/05/2025, e ao abeiro do disposto na Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025), na que concédeselle ao Concello de Dodro unha subvención por importe de 54.885,99 € para a contratación de dous traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado: "PROGRAMA DE OPTIMIZACIÓN FORESTAL 2025"

Logo de ver que por Resolución da Alcaldía núm. 237/2025 de 2 de xuño de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas forestais e 1 enxeñeiro/a de montes durante 9 meses e a xornada completa para a execución do "Programa de optimización forestal 2025" e que solicitáronse as ofertas de emprego á Oficina Pública de Emprego, co número de oferta 12-2025-5450 para o posto de enxeñeiro/a de montes.

Realizado o proceso de selección para o posto de enxeñeiro/a de montes o 01/07/2025, consta acta do tribunal, que propón a contratación de AVELINO DÍAZ SALAZAR.

O 02/07/2025 recíbese no Concello de Dodro a renuncia de AVELINO DÍAZ SALAZAR ao posto de enxeñeiro de montes (RE 202599900000618).

Consta na acta do tribunal a lista de reserva coas persoas aspirantes, aos efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias, no seu caso, composta por:

1º DE LA PEÑA LASTRA SAÚL

Consta informe de secretaría-intervención, en sentido desfavorable por mor do procedemento de selección esixido pola Xunta de Galicia, de reparo suspensivo, reiterando o informado respecto da fase A.

Considerando que as bases reguladoras da subvención que financia a contratación, a Resolución de concesión de subvención e a disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, implican empregar a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego e que as mencionadas bases obrigan a utilizar o procedemento de selección nelas establecido, este concello poría en risco o financiamento no caso de non respectar as exixencias das bases reguladoras da subvención e da resolución de concesión, polo que non poden subsanarse os defectos observados pola Secretaría-Intervención.

Consta informe médico, cos resultado de favorable, así como o resto da documentación achegada polo aspirante o 03/07/2025 de acordo coa Base 9 das reguladoras do procedemento.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Declarar a necesidade e urxencia de contratar a un (1) enxeñeiro/a de montes para o desenvolvemento do "PROGRAMA DE OPTIMIZACIÓN FORESTAL 2025" ao abeiro do disposto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2023, prorrogados para 2025, o que supón o levantamento do reparo polos motivos indicados.

SEGUNDO.- Contratar como como enxeñeira de montes a SAÚL DE LA PEÑA LASTRA (DNI***725***), durante un período de nove (9) meses, sendo a data de inicio o 14 de xullo de 2025 e a data de finalización o 13 de abril de 2026.

O contrato rexerese pola lexislación laboral no modelo de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

As retribucións brutas (incluída a prorrata das pagas extras) ascenden a: 1.759,50 euros mensuais para o posto de enxeñeiro/a de montes.

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto por importe e con cargo ás aplicación orzamentarias 1720/14300 e 1720/1600

CUARTO.- Notificar a resolución ao interesado e publicala no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*